




E-DIXITALIZACIÓN

MANUAL DE USO

FÍSICA

Paula Álvarez Lavandeira
Educación Física 6º E.P.



Índice


1. Comezamos!	3
2. Ciclismo.....	4
2.1. Diario interactivo de ciclism	5
3. Cara Santiago de Compostela.....	6
3. 1 Como crear un itinerario en google maps?.....	6
4. Albergues	7
4.1. Creamos ao itinerario	8
5. Xornal dixital	8
6. Documentos de interese	9
7. Atención á diversidade.....	10
8. Avaliación.....	10

1. Comezamos!

Comezamos! é a primeira páxina que atoparemos ao acceder a o recurso **“Todos os camiños levan a Santiago de Compostela”**.

Navegando por esta primeira páxina poderíamos atopar todo o necesario para levar a cabo as actividades. Mais a idea é que podamos ir descubríndoas pouco a pouco.

Incorporáronse á imaxe uns números para facilitar a súa explicación.



O **número 1** indícanos o título desde proxecto

O **número 2** é o menú principal do proxecto. Picando en cada lapela descubriranse distintas actividades relacionadas co proxecto. As veremos máis adiante.

Por outra banda, picando na icona **número 3** pasaríamos á páxina seguinte.

Finalmente, o **número 4** dá acceso a esta barra de accesibilidade grazas á cal a persoa usuaria do recurso poderá cambiar aspectos esenciais para a súa correcta visualización. Por exemplo, cambiando a fonte da letra, o tamaño, ou unha lectura guiada do que se atopa na pantalla.



Estes catro elementos estarán presentes en todas as páxinas do recurso.

Como pode percibirse na primeira imaxe, a lapela **“Comezamos!”** ten como protagonista un vídeo que servirá para introducir ao alumnado na situación de aprendizaxe que van desenvolver.

Tamén encabeza as distintas lapelas do proxecto que serán presentadas a continuación.

2. Ciclismo

Nesta segunda lapela o alumnado descubrirá aspectos básicos sobre o ciclismo, e precaucións ao practicalo a través dun vídeo presentación.

↑

Todos os camiños conducen a Santiago

Comezamos!

Ciclismo

Diario interactivo de ciclismo

Cara Santiago de Compostela

Albergues

Xornal dixital

Documentos de interese

Ciclismo

Que sabes de ciclismo?



Beneficios para a saúde

Saúde cardiovascular
Andar en bicicleta é unha excelente forma de aumentar a frecuencia cardíaca e mellorar a saúde cardiovascular. Fortalece o corazón e os pulmóns, reducindo o risco de enfermidades cardíacas, accidentes cerebrovasculares, e outras condicións crónicas.

Peso saudable
Andar en bicicleta é unha actividade que quema calorías e pode axudar a perder peso e manter un peso saudable. Mellora o metabolismo e axuda a queimar graxa, favorecendo a forma física xeral.

A continuación poderán resolver un cuestionario con preguntas básicas sobre a presentación.

↑

Todos os camiños conducen a Santiago

Comezamos!

Ciclismo

Diario interactivo de ciclismo

Cara Santiago de Compostela

Albergues

Xornal dixital

Documentos de interese

Ciclismo

Que sabes de ciclismo?

1 Pregunta de escolla única

Que medida pode axudar a reducir o risco de rozaduras?

☐ Usar so roupa adecuada é suficiente para evitar rozaduras

☐ As rozaduras só se producen en climas frios

☐ Usar luvas e roupa adecuada

2.1. Diario interactivo de ciclismo

Nesta sección o alumnado atopará un vídeo interactivo no que terá que axudar ao simulador a seguir os pasos para descargar e editar o diario que poderán obter máis abaixo na mesma páxina. Deste xeito, poderán repetir os pasos do simulador nos seus ordenadores.

[Diario interactivo de ciclismo](#)

Cara Santiago de Compostela

Albergues

Xornal dixital

Documentos de interese

Saberás axudarlle ao simulador a picar nos botóns correctos para descargar e editar o diario?


Todos os camiños conducen a Santiago

Diario interactivo de ciclismo

Diario de viaxe interactivo

Descarga aquí a plantilla do teu diario interactivo de ciclismo

[Diario de viaxe.pptx \(Nova xanela\)](#)



 **Diario de viaxe interactivo**

Descarga aquí a plantilla do teu diario interactivo de ciclismo

- [Diario de viaxe.pptx \(Nova xanela\)](#)

3. Cara Santiago de Compostela

Nesta sección atoparemos unha presentación na que o alumnado indagará a ruta que leva dende as principais cidades de Galicia a Santiago de Compostela. Tamén poderán buscar a ruta máis adecuada dende lugares máis concretos.

↑

Todos os camiños conducen a Santiago

←

→

Comezamos!
Ciclismo
Cara Santiago de Compostela
Como crear un itinerario en google maps?
Albergues
Xornal dixital
Documentos de interese

Cara Santiago de Compostela



Powered by genially

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Atribución Compartir igual 4.0](#)

←

→

Este traballo foi elaborado durante unha licenza de formación retribuida da Xunta de Galicia

3. 1 Como crear un itinerario en google maps?

Gracias á axuda doutra presentación e video-tutoriais o alumnado aprenderá a como organizar rutas en google maps e crear ligazóns a elas para velas de novo máis tarde.

↑

Todos os camiños conducen a Santiago

←

→

Comezamos!
Ciclismo
Cara Santiago de Compostela
Como crear un itinerario en google maps?
Albergues
Xornal dixital
Documentos de interese

Como crear un itinerario en google maps?



Powered by genially

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Atribución Compartir igual 4.0](#)


←

→

Este traballo foi elaborado durante unha licenza de formación retribuida da Xunta de Galicia

4. Albergues

Dentro da lapela de albergues, o alumnado atopará unha réplica dunha páxina de búsqueda de hospedaxe. Gracias aos datos do documento poderán responder ás preguntas do seguinte cuestionario do que finalmente obterán a conclusión do que sería o mellor albergue para a súa situación.



4.1. Creamos ao itinerario

Neste momento o alumnado xa sabe todo o necesario para trazar a ruta e valorar as mellores opcións para a experiencia. Polo que é o momento de elaborar un documento coas conclusións. Deste xeito, o formulario presente nesta lapela axudaralles a pensar e reunir os puntos máis importantes, para finalmente darlles un documento xa elaborado, que soamente terán que revisar e entregar ao seu profesorado.

Todos os camiños conducen a Santiago

Comezamos!
Ciclismo
Cara Santiago de Compostela
Albergues
[Creamos o itinerario](#)
Xornal dixital
Documentos de interese

Xa sabemos todo o necesario

Itinerario "Cara santiago de compostela"

● Itinerario "Cara santiago de compostela"

- Orixe e destino final
- Orixe, destino e horario dos distintos días
- Possibles albergues
- Presuposto aproximado
- Valora o teu itinerario?
- Crea o documento aquí

Itinerario "Cara santiago de compostela"

Este formulario te axudará a elaborar o documento co teu itinerario de ruta. Neste caso, debe correspondere á ruta dende a túa localización desexada ata Santiago de Compostela.

Aísi cando o teñas poderas presentalo ao teu profesorado que valorará a súa eficacia e posible posta en práctica.

Para ese fin o documento contará coas seguintes seccións.

- Orixe e destino final
- Orixe e destino dos distintos días (5 como máximo) xunto cun horario de saída e chegada aproximado
- Possibilidade de albergues para durmir
- Presuposto aproximado para as comidas e suxeirencias de comidas

É importante que teñas en conta todo o aprendido durante as distintas seccións da actividade.

Comezza escribindo un título para o teu itinerario *

Escribe aquí o título do teu itinerario

O teu nome é... *

Escribe aquí o teu nome e apelidos

E o teu curso *

Escribe aquí o teu curso

5. Xornal dixital

A quinta lapela facilitalles ao alumnado unha plantilla para elaborar entradas dun xornal dixital que poderán publicar nas redes sociais do colexio para compartir a experiencia co resto da comunidade educativa. Sempre contando coa axuda do seu profesorado para utilizar ferramentas como a páxina web do colexio, a aula virtual da clase ou agüeiro.

Todos os camiños conducen a Santiago

Comezamos!

Ciclismo

Cara Santiago de Compostela

Albergues

[Xornal dixital](#)

Documentos de interese

Xornal dixital

A elaboración dun xornal dixital non é tan difícil como parece

Primeiro, podedes descargar esta plantilla para axudarvos coa estrutura do xornal. Despois, soamente teredes que encher o xornal coas vosas vivencias da viaxe.

Por último teredes que pedirlle axuda ao voso profesorado para publicar o xornal na páxina web do voso colexio, na aula virtual da clase ou nun blogue de Aqueiro.

Aquí tedes a plantilla editable para o voso xornal virtual

- [xornal_dixital.docx](#) (Nova xanela)

CC BY-SA Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Atribución Compartir igual 4.0](#)

Este traballo foi elaborado durante unha licenza de formación retribuída da Xunta de Galicia











6. Documentos de interese

A última lapela da ferramenta *Exe-learning* inclúe as 3 guías de uso nas que se basea o presente proxecto.

- 1. E-dixitalización Física**, a guía didáctica que contextualiza, xustifica e afonda nos obxectivos desta ferramenta.
- 2. Manual de uso**, o presente documento no que se presenta toda a ferramenta dixital e os seus diferentes contidos.
- 3. Multimedia referenciada**, unha táboa que contén todos os elementos multimedia (imaxes, sons, vídeos...) coa súa licencia de autoría para ser empregados nesta ferramenta.



7. Atención á diversidade

Para garantir que todo o alumnado, independentemente das súas características, capacidades e necesidades, poda participar na situación de aprendizaxe:

- **Barra de accesibilidade** para cambiar a fonte, tamaño da letra e lectura guiada da pantalla.
- **Información** en diferentes formatos: imaxe, vídeo e audio.
- **Enunciados claros**, sinxelos e curtos.
- **Organización**, actividades en parellas ou grupais.

8. Avaliação

A propia ODE incorpora unha rúbrica de avaliación que podemos empregar de diversas maneiras.

- Auto-avaliación: o alumnado pode valorar o seu propio itinerario de viaxe mediante os distintos ítems de avaliación da rúbrica.
- Co-avaliación: todas as persoas da clase poden valorar os itinerarios das demais utilizando a mesma rúbrica que empregaron na auto-avaliación.
- Avaliación do profesorado: facendo uso da mesma rúbrica o profesorado poderá valorar os itinerarios do alumnado. Tamén poderá analizar a valoración que o alumnado ten do seu itinerario en comparación co que pensan as demais persoas da clase.